



Pago do complemento de cátedras.

Solicitamos datas de pago. **Informan que a publicación no BOE foi posterior ao peche de nóminas e que se pagarán todos os atrasos na nómina de xuño.**

Efectividade do pago de trienios e sexenios conforme ao recoñecemento dos períodos de vacacións non gozadas.

A día de hoxe xa se recoñecen eses períodos para puntuacións, tanto nas oposicións como nos concursos de traslados, mais a Consellaría incumpriu o seu compromiso de adiantar o tempo que corresponda a efectos de trienios e sexenios. **Pedimos xa por escrito que se faga con carácter xeral canto antes. Recoñecen que non fixeron o que se comprometeran e que están pendentes de buscar un mecanismo único desde os servizos centrais. Aclaran que se hai reclamacións individuais pendentes se van estimar e pagar.**

Prazas de Orientación de Primaria.

Cando se resolveu o CXT de Orientación de Primaria quedaron vacantes, por no poderse cubrir pola duplicidade dos concursos as prazas do persoal orientador que concursou para prazas do concurso xeral. Desde a CIG-Ensino solicitamos que todas estas prazas sexan cubertas neste CADP e non se amorticen as xa insuficientes prazas de orientación nos centros educativos galegos.

Non teñen previsto amortizar prazas mais, de novo, é un tema no que quen decide é outra Dirección Xeral.

Datas da oposición.

A menos de tres semanas non temos novas sobre as datas de presentación nin das primeiras probas. Reclamamos que se coñezan nesta semana e que se achegue toda a información precisa por parte dos tribunais.

Estas son as datas proporcionadas:

- ☆ **3 de xuño:** publicación dos tribunais completos
- ☆ **8 de xuño:** publicación de horas e lugares da presentación e primeira proba. **Avanzan:**
 - corpo de mestres: sábado 18. 9h presentación. 11h 1ª parte da 1ª proba. 17h 2ª parte da 1ª proba.
 - resto de corpos: domingo 19. 9h presentación. 11h 1ª parte da 1ª proba. A 2ª parte da 1ª proba depende dos tribunais. En ningún caso será nos días lectivos 20, 21 e 22.

Deron instrucións aos tribunais para teren todo rematado o día 19 de xullo. Se cumpren os prazos a adxudicación definitiva sería o último día de xullo ou nos dous primeiros días hábiles de agosto.

Permiso por hospitalización.

Modificación do permiso de hospitalización para recoller a sentenza que aclara que non se pode reducir o tempo aínda que haxa alta hospitalaria.

Recoñecen que teñen que cumprir a sentenza nese sentido e que mandarán instrucións ás Xefaturas para que non se poñan reparos.

Xurisprudencia sobre defectos de forma na presentación das programacións didácticas nas oposicións.

A Consellaría debe informar aos tribunais e ás persoas aspirantes de como se debe actuar para evitar problemas como os acontecidos nunha especialidade nesta última oposición. Solicitamos que se inclúa nunha circular dirixida aos tribunais e que quede claro que teñen que dar un prazo para subsanación de erros. Informan de que xa proporcionaron esa información ás presidencias dos tribunais e indican, a nivel informativo, algúns exemplos do que non se poden considerar erros:

- ☆ presentar 30 páxina a dobre cara en vez de 60 a unha cara.
- ☆ tamaño da letra se ao imprimir non se axusta exactamente ao fixado
- ☆ se hai algún destacado nunha parte do texto con outro tamaño

Prazas nos Equipos de Orientación Específicos.

Chama a atención que co importante número de vacantes existentes non se convocara concurso específico e demandamos que as prazas, se non se poden cubrir doutro xeito, se publiquen como un concurso específico de destinos provisionais. En ningún caso estamos de acordo con que se dean a dedo. **O problema é que non existe neste momento unha rede ou cadro de persoal determinado e que depende doutra Dirección Xeral polo que non saben que vai pasar.** Evidénciase novamente unha improvisación e unha falta de coordinación importante na Consellaría que non se preocupa de dar solución á rede de atención á diversidade.

Licenzas por formación e ordes de comisións para asesorías, etc.

Cales van publicar e cando? Para cando estarán resoltas? Hai que ter en conta o novo calendario de adxudicacións de destinos.

Debe estar todo adxudicado no mes de xullo.

Afirman que cos cambios na estrutura da Consellaría non van poder convocar algunhas prazas de asesoría, CAFI, etc. Nos casos de que haxa profesorado que remate a comisión renovarílla por un ano máis. Como as licenzas por formación non interfieren no CADP poderían convocarse sen problema mais non depende desa Dirección Xeral.

Traballo nas bibliotecas escolares co cambio ao sistema KOHA.

Logo de volver sobre o tema xa abordado pola CIG-Ensino en dúas mesas, **a dirección xeral informa que falan e falarán o tema de novo co persoal asesor, e que teñen a intención de dar indicacións ás direccións para que, dentro das posibilidades horarias, se fixe un desconto de horario lectivo mentres duren as tarefas.** Desde a CIG-Ensino lembramos que ese desconto non pode depender da situación de cada centro porque iso pode supor, como de feito xa sucede, tratos diferentes e ten que haber un criterio común.

Prazas de PIALE e exención de formar parte dos tribunais.

Confirman en resposta á nosa solicitude, que **quen teña unha praza de PIALE**, aínda que de momento non se saiban os prazos para marchar, **poderá pedir non formar parte dos tribunais** e que disto xa foros informadas as presidencias dos tribunais.

Cátedras CMUS.

Solicitamos información sobre a situación dos efectos da sentenza de cátedras de música e artes escénicas. En concreto, sobre a incidencia que poida ter o dereito preferente á localidade nas persoas afectadas, tanto nos CMUS profesionais como nos superiores de Vigo e A Coruña, caso de haber nestes últimos horas das materias que poida impartir o corpo de profesorado (nivel 24), así como a situación das actuais listas de interinidades e a necesidade de abrir novas lista de interinidades como, por exemplo, en acordeón. **Informan con detalle da situación actual, recoñecendo que non poden asegurar que non vaia cambiar todo de novo, xa que segue habendo reclamacións e incidentes de execución pendentes de resolver. En resumo:**

- ☆ Manteñen a idea de ter todo resolto a día 1 de setembro
- ☆ Só aceptaron unha alegación por titulación
- ☆ Rexeitaron todas as relacionadas coa equivalencia MECES-3.
- ☆ Non saben aínda como poderá afectar unha nova sentenza sobre a xustificación mediante alta na seguridade social
- ☆ Pode haber máis prazas das actuais que se cubran polo corpo de profesorado, nas materias que así o permita o RD de especialidades. Non teñen datos aínda.
- ☆ Esas prazas, que debe ter unha carga lectiva de 12 horas das materias habilitadas para o corpo de profesorado se ofertarían vía destinos provisionais (CADP) e quen teña dereito preferente á localidade tería que participar por esta vía.

- ☆ Van revisar as listas de interinidades, xa que só poden quedar nelas, en aplicación da sentenza, quen teña a titulación que acredita a tutela investigadora.
- ☆ Abrirán canto antes as listas nas que precisen docentes.
- ☆ Tiveron xa unha reunión coas direccións dos CMUS Superiores mais están pendentes dunha cos dos Profesionais.



Concurso de méritos excepcional

- **Requisito do idioma galego no concurso de méritos excepcional.** Mantendo o noso criterio de que debe ser unicamente a acreditación do CELGA-4, mais sendo conscientes do que ten feito público Función Pública para os seus procesos, queremos saber se para o proceso docente vai haber proba de galego previa ou non.

Os decretos do SERGAS e de Administración Xeral inclúen a proba de galego. O de Educación non porque partían da idea de non facer exame e exixir o CELGA-4, mais iso vai depender dun informe da asesoría xurídica central da Xunta que non dá chegado.

- **Negociación da convocatoria do concurso excepcional e baremo a aplicar.** Queremos que nos dean unha data para a negociación na Mesa e adiantamos que solicitamos da Consellaría que revise xuridicamente a posibilidade de incorporar apartados propios dentro do apartado doutros méritos, adaptados aos diferentes corpos e especialidades se for preciso, diante da afirmación do Ministerio de que o baremo é inamovíbel. A negociación da convocatoria vai ser en setembro e a publicación sería nese mesmo mes. Afirmamos que o baremo está pechado e é inamovíbel, porque a diferenza do RD 276/2007, no RD 270/2022 (que regula os

procesos extraordinarios) tamén o bloque de “outros méritos” está pechado.

- **Posición da Consellaría diante da proposta de unificar o proceso de adxudicación de prazas no concurso de méritos.** Na Mesa estatal confirmamos que non existe unanimidade e que serían Galiza, Catalunya e Euskadi as CC.AA. que non estarían dispostas. Queremos confirmación da posición que vai manter a Consellaría na Conferencia Sectorial, adiantando como xa se sabe a posición contraria da CIG-Ensino. A Consellaría confirma a nosa información e asegura que Galiza non vai entrar nese acordo, coincidindo na argumentación coa que desde o sindicato lle trasladamos ao Ministerio.
- **Prazas das especialidades de FP.** Todo parece indicar que o RD no que se adscriben as especialidades aos corpos de PES e PESSFP debatido a semana pasada na Mesa estatal non vai estar listo en setembro. Tendo en conta isto, a CIG-Ensino solicita a previsión da Consellaría de cara a publicación da convocatoria, e se vai haber unha ou dúas. **Confirman que, se non hai RD de FP para setembro haberá dúas convocatorias do concurso excepcional, quedando a das especialidades de FP para o momento no que se publique a normativa estatal.**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acoruña@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal